



METEOROLOXÍA

Durante a última semana déronse temperaturas medias de 16-21°C con tendencia ascendente nos últimos días. A climatoloxía en xeral foi de influencia anticiclónica, agás o día 29 de maio no que se produciron precipitacións moderadas do orde de 3-6 mm. Tamén déronse refachos de vento nalgunhas xornadas, aínda que con menor intensidade que en semanas anteriores.

Na vindeira fin de semana agárdase unha situación anticiclónica en Galicia que deixará ceos despexados, con algunha nubosidade nas provincias da Coruña e Lugo. A partir do luns a situación irase inestabilizando, sendo probable que xa iniciada a próxima semana se produzan precipitacións cun importante descenso das temperaturas debido á masa de aire que chega do norte.

VIÑEDO

D. O. Rías Baixas

Estado fenolóxico medio

H-I-J (botóns florais separados- floración ou purga- uvas calladas)

A grandes rasgos a fenoloxía é unha ciencia que estudia, en cada especie e variedade de planta, os fenómenos biolóxicos que se presentan periódicamente segundo ritmos estacionais. Teñe relación coa especie, variedade e clon, co clima e co curso anual do tempo atmosférico nun determinado lugar. Require un importante traballo de observación no campo, cun método ben establecido e aportando unha boa dosis de precisión. Aplica coñecementos de fisioloxía, ecoloxía, meteoroloxía e climatoloxía. Os resultados son de aplicación en agricultura, gandería, silvicultura e conservación da natureza, así como para complementar as descripcións dun ano agrícola en climatoloxía e para levar a cabo estudos de climas locais. É unha ciencia moi viva cunha renovada importancia e moi utilizada no estudio do cambio climático que se está desenvolvendo dende organismos internacionais.

Durante estes días na meirande parte dos viñedos estase producindo a purga. Xa que aínda prevese ao menos uns 5 días de bo tempo con ausencia de precipitacións, favorecerase unha boa frutificación dos acios. En consecuencia **nesta campaña espérase un bo potencial produtivo, posto que se supera con éxito un dos momentos máis críticos para a produción.**

Ata o momento as mermas máis importantes que se produciron nos viñedos dende a brotación foron debidas as roturas provocadas polos ventos refachados. As variedades de menos desenvolvemento (Mencia, Treixadura,...) a penas sufriron mermas. De aquí en diante este factor vai ter menor importancia xa que a gomariza está máis afianzada os aramos.

Boas prácticas fitosanitarias

Co obxecto de asegurar a máxima eficacia nas aplicacións de produtos fitoquímicos é importante tratar nas dúas caras da cepa, cando as formacións nolo permitan, entrando por todas as rúas. Debémonos asegurar que utilizamos boquillas e presións adecuadas. Non esquecer tamén que para facilitar a penetración do produto a todas as partes da planta é práctica aconsellable o desfollado.



Prácticas culturais

De selo caso, mantemento do solo para o control do crecemento das herbas desenvolvidas (15-20 cm de altura). Como aínda continúa a purga, non se recomenda realizar laboreo no terreo xa que pode afectar ao cuaxe. Suxeición e colocación da gomariza no interior dos sistemas de condución verticais espaldeiras e empalizadas. Nos emparrados tamén é necesario podar os gomos que colgan nos bordes pois dificultan a mecanización.

Incidencias fitopatolóxicas máis destacadas:

Mildeu (*Plasmopara viticola*)

Durante os últimos días diminuíu a sintomatoloxía da enfermidade debido á mellora climatolóxica, aínda que hai ter en conta que o día 29 de xuño déronse condicións para a infección.



Envés da folla con síntomas de reesporulación de Mildeu.

Oidio (*Uncinola necator*)

O estado fenolóxico actual do viñado é sensible a enfermidade, aínda que polo momento non se detectaron síntomas da mesma. Durante os últimos días estanse dando condicións de inicio de ciclo (infeccións) que, en función da Tª e Hr durante os próximos días (incubación), vai dar lugar antes ou máis tarde á aparición da primeira sintomatoloxía da campaña.

Botrite (*Botrytis cinerea*)


O estado fenolóxico actual do viñado é moi sensible a enfermidade si se dan as condicións de presenza de auga (precipitacións) no remate da purga.

Excoriose. (*Phomopsis viticola*)

Seguen evidenciándose síntomas da enfermidade na vexetación, tanto en follas como na base dos gomos, debido ás condicións óptimas de infección que se deron durante a brotación. O control destas infeccións xa se apuntou nos primeiros boletíns fitosanitarios da presente campaña. Nas parcelas con síntomas tamén se van a observar danos nos acios durante a súa maduración debido a desecación do raspón.



[segue D. O. Rías Baixas](#)



Gomo e follas con sintomatoloxía de Excoriose. Ademais dos danos directos que vai producir nos acios durante a maduración, a madeira de inverno non vai ser viable para a súa posterior elección na poda, xa que vai inducir unha brotación moi deficiente, converténdose nunha vía de entrada a outras enfermidades emerxentes da madeira.

Polilla ou couza (*Lobesia botrana*)

Seguen observándose acios con glomérulos e presenza das larvas, aínda que estas nun porcentaxe tan pequeno que en ningún caso xustifica dar un tratamento para o seu control.

Recomendacións

Tendo en conta que as últimas condicións de infección do Mildeu producíronse entre os días 24 a 26 de maio e o día 29 de maio, á vista da previsión do tempo, compre ter en conta as seguintes consideracións:

-As parcelas que trataron entre o 20-23 de maio (3º tratamento recomendado da campaña) deberían renovalo durante os días 1-3 de xuño, tal como se recomendou no anterior boletín. Sen embargo, tal e como están as condicións climatolóxicas actuais, este tratamento pódese pospoñer algún día na medida en que non se dean as condicións de humectación nocturna nos viñedos (orballo), segundo a zona concreta de que se trate (4º tratamento recomendado da campaña).

-As parcelas que trataron entre o 27-28 de maio deberán renovar o tratamento aproximadamente os días 7-8 de xuño.

Neste momento de máxima sensibilidade do viñado, recoméndanse tratamentos sistémicos ou penetrantes para o control de Mildeu. Ademais do poder preventivo en preinfección, como calquer antimildeu, teñen efecto stopante postinfección e antiesporulante (neste caso normalmente os penetrantes funcionan mellor).

Preparados sistémicos especialmente interesantes nestes días son aqueles que conteñen a materia activa de contacto folpet, xa que ofrecen o efecto complementario sobre a Botrite, sempre eficaz na finalización da purga. De entre os penetrantes son importantes tamén os que conteñan folpet, destacando entre estes o formulado azoxistrobin+folpet, xa que ambas moléculas ofrecen esta característica, ademais do control do azoxistrobin sobre o Oidio. Sempre que non utilizemos esta mestura é necesario a aplicación de xofre mollable no caldo de aplicación, á vista das condicións crecentes para o desenvolvemento do Oidio.



segue D. O. Rías Baixas

A continuación móstrase o estado actual de purga de varias castes tintas, en idénticas condicións de cultivo, pertencentes ao Centro de Viticultura e Enoloxía de Leiro-Ribadumia, localidade que celebra esta fin de semana a exaltación de caldos destas variedades.

Brancellao



Mencia





[segue D. O. Rías Baixas](#)

Máis castes tintas no seu estado actual de purga, en idénticas condicións de cultivo, pertencentes ao Centro de Viticultura e Enoloxía de Leiro-Ribadumia.

Sousón



Castañal





[segue D. O. Rías Baixas](#)

Outra casta tintas no seu estado actual de purga, en idénticas condicións de cultivo, pertencentes ao Centro de Viticultura e Enoloxía de Leiro-Ribadumia.

Loureiro
tinto



KIWI

Estado fenolóxico

F1¹ (fincas do norte de Galiza) e **G²** (explotacións do sur). Nalgunhas parcelas e plantas se chegou xa ao **H³**.

Atendendo á escala fenolóxica BBCH pódense situar os estados fenolóxicos entre 68⁴ e 69⁵ no sur de Pontevedra e 61⁶ no norte da Coruña. Espérase que a floración remate completamente durante a semana en curso.

Incidencias fitopatolóxicas máis destacadas e recomendacións

Bacteriose (*Pseudomonas viridiflava*)

Nas explotacións onde a floración se produciu maioritariamente durante a semana 20, obsérvanse escasas perdas de flores por ataques desta enfermidade. Onde a apertura dos botóns cadrou coas precipitacións producidas a comezos da semana 21, detectáronse algúns problemas con perdas que oscilan entre o 5 e 7%, nalgúns casos. Considérase que as aplicacións de produtos cúpricos e os ensaios realizados con peróxido de hidróxeno amosaron certa eficacia. Téñase en conta que o peróxido de hidróxeno non está aprobado para estas aplicacións en kiwi, polo que os resultados destas experiencias danse a modo informativo.



Xestión Integrada de Pragas (XIPra)

Nun principio o agricultor utilizaba nos seus cultivos variedades seleccionadas de forma natural, gardando as sementes, estaquillas, enxertos, etc, das plantas que mellor se comportaran en cada campaña.

Cos avances das técnicas e as facilidades para dispoñer de novas variedades en calquera parte do mundo, foron aparecendo problemas fitosanitarios que botaban a perder as colleitas. Así, dunha forma moi esquemática, o desenvolvemento da agricultura foi encontrándose, por etapas, con:

- Selección de variedades máis productivas pero frecuentemente máis sensibles.
- Xeralización do monocultivo, máis productivo, pero con máis problemas fitosanitarios.
- Aumento do abonado, principalmente nitroxenado, facendo o cultivo máis produtivo pero tamén máis sensible.
- Mellora no transporte e globalización, pero diseminándose con maior facilidade as pragas nos cultivos (insectos, enfermidades e malas herbas danos nas plantas cultivadas).

Para reducir e/ou eliminar os problemas fitosanitarios dos cultivos comézanse a utilizar produtos químicos, primeiro de orixe natural e, máis tarde, de síntesis química.

Dende os anos 40 do pasado século ata os 80 empréganse, a medida que se consegue sintetizalos, pesticidas organoclorados, organofosforados, carbamatos e piretroides. O optimismo polos resultados a curto prazo, a eficacia e a economía fan que o seu uso se extenda rapidísimamente, entrándose nunha espiral de tratamentos indiscriminados que tan so perseguían acabar coa peste que dezmaba os cultivos, obténdose excelentes cosechas e un aumento dos produtos procedentes da agricultura.

As alarmas saltan cando comencan a encontrarse, xa dende os anos 40 e 50, toxicidades polos compostos aplicados, tanto nas plantas e animais que nada teñen que ver co cultivo tratado e a moitos quilómetros de distancia, como nas persoas (tanto en aplicadores, como en veciños dos cultivos, como en consumidores), nas que se detectan toxicidades agudas e crónicas. Neste derradeiro caso, sen presentar toxicidades aparentes, nin evidencias dos síntomas a curto prazo, van aparecendo co tempo malformacións nos fetos, danos crónicos na pel, cancros, etc.

Esto urxe á comunidade internacional a tomar medidas na regulación dos produtos aplicados en agricultura, restrinxendo máis lentamente do desexado os permisos para o uso de determinadas materias activas e produtos fitoquímicos aplicados nos cultivos.

Fronte ao uso indiscriminado de produtos químicos nun modelo de agricultura convencional, surxe unha corrente crecente de interés polo aproveitamento doutras técnicas e produtos xa existentes con anterioridade á sintetización química das materias activas ditas, así como polo estudio e obtención de novas tecnoloxías, sustancias, de orixe natural ou non, e organismos biolóxicos, que aplicados no control sanitario dos cultivos non agredan nin ao aplicador/agricultor, nin ao medio ambiente, nin ao consumidor, mantendo a rendabilidade nas explotacións adicadas á obtención de produtos agrícolas.

A este modelo de agricultura, que se inicia nos anos 60-70, dáselle diversos nomes: Loita Integrada, nun principio, e Control Integrado de Pragas, Xestión Integrada de Pragas, e Protección Integrada de Pragas, máis tarde.

Entre outros moitos organismos, a **OILB** (Organización Internacional de Loita Biolóxica), define a Protección Integrada de Pragas como o "proceso de loita contra os organismos nocivos utilizando un conxunto de métodos que satisfagan as esixencias económicas, ecolóxicas e toxicolóxicas, dando carácter prioritario ás accións que fomenten a limitación natural dos inimigos dos cultivos e respetando os niveis económicos de dano".

A CE reduciu o uso das materias activas para a agricultura en máis dun 60% nos últimos anos, pero o traballo na sanidade vexetal continúa.